



## **INSTRUCCIÓN 9/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE MEDIDAS EXCEPCIONAIS DE REFORZO DAS UNIDADES DE COIDADOS INTENSIVOS.**

En anteriores instrucións xa se fixo referencia ás amplas facultades das Xerencias, legalmente reforzadas nesta situación de crise sanitaria, para adoptar medidas en materia de mobilidade xeográfica e funcional dos recursos humanos dispoñibles.

A este respecto considérase oportuno recordar que o nivel asistencial de prestación dos profesionais (primaria/hospital), sen deixar de ser relevante, non é un impedimento para o exercicio efectivo desas facultades de ordenación.

No que se refire en concreto á cobertura de necesidades emerxentes de persoal enfermeiro nas UCI, e coa finalidade de que as Xerencias dispoñan dunha directriz ao respecto, dítase a seguinte

### **INSTRUCCIÓN**

Con base na normativa xeral e excepcional para esta situación de crise sanitaria, e como unha medida máis dentro das posibles en materia de persoal, as Xerencias poderán dispoñer que o persoal enfermeiro de atención primaria, cando e na medida na que resulte necesario, preste transitoriamente servizos nas unidades de coidados intensivos.

Nesta mobilidade -na que se aplicará inicialmente un criterio de voluntariedade- procurarase que o persoal temporalmente trasladado sexa aquel que, pola súa traxectoria profesional, conte cunha presumible maior capacidade para a realización de coidados intensivos, como é de entrada o persoal con experiencia previa en UCI, reanimación ou quirófano.

**Instrucción 9/20**





Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Instrucción 9/20

